

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 14 de agosto de 2023 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e da Administración institucional.*

Unha vez aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2023 polo Consello Reitor deste organismo, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, procede convocar as actividades de formación continua correspondentes ao segundo semestre do ano 2023 para o persoal ao servizo da Administración xeral autonómica de Galicia, da Administración institucional e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que se detallan nos anexos desta resolución.

**RESOLVO:**

Convocar as actividades formativas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2023

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

**ANEXO I****Bases****Primeira. Requisitos dos/das participantes**

1. Poderá participar nas accións formativas convocadas nesta resolución o persoal empregado público destinado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nas entidades públicas instrumentais enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Administración institucional, que se encontre en situa-



ción de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.

Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia e bombeiros, e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Sen prexuízo do anterior, poderán ofertarse actividades formativas ao persoal empregado público pertencente a outras entidades, organismos e institucións públicas, cando así se estableza na epígrafe «persoal destinatario» da actividade formativa.

#### Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <<https://egap.xunta.gal>>.

#### Terceira. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 3 de setembro de 2023.

As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>> desde as 8.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 23.55 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

2. O número máximo de cursos que se poden solicitar durante o prazo de presentación de solicitudes límitase a cinco.

3. Non está permitida a realización de actividades de formación que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais ou telepresenciais das actividades.



Cando a/o alumna/o teña coñecemento de que foi seleccionada/o para un curso que teña coincidencia horaria con outro en que xa foi seleccionada/o debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade que unha persoa realizou simultaneamente varias actividades, non se lle expedirá certificación de ningunha delas, e pasará ao final das listaxes de todas as actividades formativas que solicite e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

4. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

5. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

6. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

7. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación e/ou telepresenza deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude e dun equipamento informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un computador con conexión á internet.
- Un navegador web actualizado.

Para as actividades impartidas na modalidade de telepresenza contarán, ademais, cun manual de usuario na páxina web da EGAP no seguinte enlace <<https://egap.xunta.gal/formulariosrecursos>> onde se indica como acceder a esta plataforma de telepresenza e os compoñentes que o equipamento necesita para un funcionamento básico da plataforma.

8. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (discapacidade ou permisos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral), de acordo cos criterios de selección, deben cubrir na súa área de matrícula todos os campos marcando a casa de verificación de que están nalgunha destas situacións específicas e remitirle á EGAP a corres-



pondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, sen prexuízo do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). A devandita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario, só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

9. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57, 981 54 62 54 e 981 54 63 35 en horario de atención ao público (das 9.00 ás 14.00 horas) e do enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

#### Cuarta. *Comprobación de datos*

1. Os datos persoais proporcionados polas persoas interesadas para a xestión das solicitudes de participación na acción formativa convocada a través desta resolución, así como aqueles outros que se recollan ou elaboren con motivo do desenvolvemento desta, serán tratados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de levar a cabo a selección do alumnado, a impartición da formación e a xestión xeral desta.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd). Os datos identificativos das persoas seleccionadas para participar nesta acción formativa serán publicados conforme o detallado na base sexta desta resolución. Así mesmo, os datos dos alumnos e alumnas relativos á súa participación nesta acción formativa poderán ser comunicados aos órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias.

As sesións dos cursos impartidos na modalidade de telepresenza serán gravadas coa finalidade de ofrecer ao alumnado a posibilidade do seu visionado posterior como material de estudo, así como para a resolución de posibles reclamacións. En todo caso, o alumnado, se o estima oportuno, poderá desactivar a súa cámara e/ou micrófono e participar a



través do chat de acordo coas indicacións da persoa docente. As devanditas gravacións conservaranse á disposición do alumnado e profesorado durante o tempo que dure a acción formativa ou, de ser o caso, ata que finalice a avaliación do alumnado. A retransmisión das sesións formativas e a gravación destas poderá ser accesible unicamente ao profesorado e alumnado a que van dirixidas e ao persoal da EGAP autorizado.

Prohíbese expresamente a descarga, a difusión, a distribución ou a divulgación das gravacións, e particularmente a súa compartición en redes sociais xa que estes usos poden conculcar o dereito á protección de datos, o dereito á propia imaxe e os dereitos de propiedade intelectual, e poderían xerar responsabilidade disciplinaria, administrativa ou civil. As gravacións non poderán ser usadas para outros fins fóra do ámbito docente.

As persoas interesadas poderán solicitar ante a persoa responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento por motivos relacionados coa súa situación particular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

2. Conforme o disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para a tramitación do procedemento de selección consultaránse automaticamente os datos das persoas solicitantes desta acción formativa necesarios para realizar o proceso de selección, salvo que a persoa interesada se opuxese a iso.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo expresamente incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular e achegar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, tipo de persoal e antigüidade na administración a través do seguinte enderezo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

5. A EGAP poderá pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo cos criterios recollidos nesta convocatoria.



*Quinta. Criterios de selección*

1. Os criterios que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na páxina web da EGAP e que poderán ser consultados no seguinte enlace <https://egap.xunta.gal/ecloud/s/eBXtEfnF8MGqCJB>, sen prexuízo dos criterios específicos establecidos na epígrafe «persoal destinatario» de cada actividade formativa incluída no anexo II desta resolución.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm. 58, do 25 de marzo). Para o ano 2023 segundo a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 23 de xaneiro (DOG núm. 18, do 26 de xaneiro), comezarse pola letra V.

2. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos do curso poderá completarse o número de alumnos/as asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.

*Sexta. Publicación das relacións do alumnado seleccionado*

1. A EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> unha relación das persoas admitidas e excluídas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

O prazo de presentación de alegacións será de dez días desde a súa publicación, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Logo de transcorrer o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> a listaxe definitiva de persoas admitidas no curso. Contra esta listaxe poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde a dita publicación, de acordo co disposto polos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Sétima. *Cambios ou substitucións na selección. A renuncia. A asistencia e o seguimento das actividades formativas*

1. En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia.

a) As persoas seleccionadas poderán renunciar á actividade formativa. A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP cunha antelación de tres días ao inicio da actividade formativa. Na páxina web da Escola está dispoñible un modelo de renuncia.

Para isto poderase utilizar, alén do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), o enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

b) As persoas que incumpran o prazo previsto pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade, agás que a renuncia teña algunha das seguintes causas:

i. Por causa de forza maior suficientemente acreditada.

ii. Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos/das responsables dos centros directivos.

iii. Por razóns de conciliación familiar.

iv. Por outras causas xustificadas documentalmente.

3. A asistencia e o seguimento das actividades formativas:

3.1. Seguimento das actividades presenciais e telepresenciais:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.



c) As faltas de asistencia:

i. Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas presenciais ou telepresenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante as persoas responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

ii. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas presenciais ou telepresenciais pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3.2. Seguimento das actividades de teleformación:

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

Oitava. *Superación da actividade formativa*

Para poder superar as actividades formativas, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a) Para as actividades presenciais e telepresenciais: cumprir coa porcentaxe de asistencia indicada no punto 3.1 letra c) e superar a proba de avaliación que se realizará ao final delas.

b) Para as actividades de teleformación:

– A adecuada realización de todas as actividades que o/a titor/a propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final.

– A superación dunha proba de avaliación final.





Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas en que estas terán lugar. Nestas actividades as probas de avaliación finais serán en liña. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das datas concretas e das horas da proba final.

#### Novena. *Certificados*

Para a obtención do certificado de aproveitamento o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe declarando apto/a ou non apto/a cada alumno/a en función do resultado da proba de avaliación.

#### Décima. *Facultades da EGAP*

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exijan as circunstancias que afecten a súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as contingencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da escola.

5. A EGAP garantirá na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.





ANEXO II

Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/ modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa									
FC23227	Sistema de información contable e de tesouraría (Xumco2). Avanzado	30	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Telepresenza	8, 10, 15, 17, 22 e 24 de novembro, das 16.30 ás 18.30 h		24.11.2023 18.00 h
FC23228	Declaración do impostos de sucesións. Uso avanzado do programa de Axuda á Liquidación do Imposto de Sucesións (ALISE).	25	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación + Telepresenza	Teleformación: de 25 de outubro a 23 de novembro Telepresenza: 25, 30 e 31 de outubro e 7 e 16 de novembro, das 16.30 ás 19.30 h		28.11.2023 18.00 h
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades									
FC23223	Técnicas de xestión executiva no sector público	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	2.11.2023	22.11.2023	27.11.2023 17.00 h
FC23224	Habilidades sociais de especial interese no ámbito laboral	35	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Telepresenza	6, 8, 13, 15, 20 e 22 de novembro, das 16.30 ás 19.30 h 27 de novembro, das 16.30 ás 18.30 h		27.11.2023 18.00 h
FC23225	Comunicación en público. Manexo da linguaxe xestual e corporal	30	15	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	17, 19, 24, 26 e 31 de outubro, das 16.30 ás 19.30 h		31.10.2023 19.00 h
FC23226	Protocolo institucional na Administración pública	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	2.11.2023	22.11.2023	27.11.2023 18.00 h





Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/ modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades: Cultura									
FC23194	A expurgación na colección das bibliotecas públicas	25	12	Persoal bibliotecario, técnico e auxiliar, da Rede de bibliotecas públicas de Galicia ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional e das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	2 de outubro, das 10.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 20.00 h 3 de outubro, das 10.00 ás 14.00 h		3.10.2023 13.30 h
FC23195	Seguridade e protección de datos no ámbito educativo	50	10	Persoal administrativo e de servizos (persoal non docente dos centros educativos) dos centros educativos públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia.	Aproveitamento	Teleformación	6.11.2023	16.11.2023	22.11.2023 19.00 h
FC23196	Os problemas de conduta no ámbito educativo	30	15	Persoal laboral que desenvolva o seu labor en centros de ensino da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, persoal educador e auxiliar coidador e intérpretes da lingua de signos española.	Aproveitamento	Telepresenza	25, 26 e 28 de setembro e 3, 4 e 6 de outubro, das 16.30 ás 19.00 h		6.10.2023 18.30 h
FC23197	Competencias emocionais do alumnado con trastornos do espectro autista	30	15	Persoal laboral que desenvolva o seu labor en centros de ensino da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, persoal educador e auxiliar coidador e intérpretes da lingua de signos española.	Aproveitamento	Telepresenza	18, 19, 21, 22, 27 e 28 de setembro, das 16.30 ás 19.00 h		28.9.2023 18.30 h
FC23198	A atención ao alumnado con discapacidade visual nas diferentes modalidades de ensino	30	15	Persoal laboral que desenvolva o seu labor en centros de ensino da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, persoal educador e auxiliar coidador e intérpretes da lingua de signos española.	Aproveitamento	Telepresenza	23, 24, 26, 30 e 31 de outubro e 3 de novembro, das 16.30 ás 19.00 h		3.11.2023 18.30 h
FC23199	Accesibilidade comunicativa e cognitiva nos centros educativos	30	8	Persoal intérprete de lingua de signos. Outro persoal con funcións de mediación comunicativa.	Aproveitamento	Telepresenza	20 e 22 de novembro, das 17.00 ás 20.00 h 23 de novembro, das 17.00 ás 19.00 h		23.11.2023 18.30 h
FC23200	A mellora da convivencia e do benestar nos centros educativos	30	15	Persoal educador e auxiliar coidador e intérpretes da lingua de signos española da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.	Aproveitamento	Telepresenza	16, 17, 19, 24, 25 e 27 de outubro, das 16.30 ás 19.00 h		27.10.2023 18.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
<b>Consellería de Economía, Industria e Innovación</b>									
FC23178	A dixitalización do control de mercado de consumo	25	12	Persoal ao servizo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, así como persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	18, 19 e 20 de setembro, das 10.00 ás 14.00 h		20.9.2023 13.30 h
FC23179	Aplicacións avanzadas de ArcGIS en proxectos de eólica terrestre e mariña	15	21	Persoal ao servizo do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), enxeñeiros/as da Consellería de Economía, Industria e Innovación, así como persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	12, 14, 19, 21, 26 e 28 de setembro e 3 de outubro, das 9.00 ás 12.00 h		3.10.2023 11.30 h
FC23180	Hidróxeno de orixe renovable: Aspectos técnicos e de seguridade nas instalacións	25	18	Persoal ao servizo do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), enxeñeiros/as da Consellería de Economía, Industria e Innovación, así como persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	17, 18 e 19 de outubro, das 9.00 ás 12.00 h 24, 25 e 26 de outubro, das 16.00 ás 19.00 h		26.10.2023 18.30 h
<b>Consellería de Facenda e Administración Pública</b>									
FC23073	A potestade sancionadora en materia tributaria: procedemento e réxime sancionador	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	23.10.2023	24.11.2023	30.11.2023 18.30 h
FC23187	Fiscalidade do patrimonio familiar	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	2.11.2023	23.11.2023	29.11.2023 19.00 h
FC23188	Tratamento da información estatística e presentación de resultados empregando o software libre R	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	2.10.2023	30.10.2023	3.11.2023 17.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda									
FC23189	ArcGIS para persoal técnico urbanístico. Nivel intermedio-avanzado	25	30	Persoal técnico da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	25 e 27 de setembro, das 10.00 ás 12.00 h, das 12.30 ás 14.30 h, das 16.00 ás 18.00 h, 2 e 4 de outubro, das 10.00 ás 12.00 h, das 12.30 ás 14.30 h, das 16.00 ás 18.00 h 9 de outubro, das 10.00 ás 12.00 h, das 12.30 ás 14.30 h, das 16.00 ás 18.00 h		9.10.2023 17.30 h
FC23190	Seguimento das autorizacións ambientais integradas	30	40	Persoal técnico ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, relacionados coa tramitación e seguimento das autorizacións ambientais integradas (AAI).	Aproveitamento	Telepresencial +Presencial	Presencial: 3, 10 e 17 de outubro, das 9.00 ás 14.00 h Telepresenza: 5, 19, 24, 26 e 31 de outubro, das 10.00 ás 14.00 h e 2 de novembro, das 9.30 ás 14.30 h		2.11.2023 14.00 h
FC23191	Control e inspección de verteduras líquidas	40	20	Persoal inspector ambiental da Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, tanto en servizos centrais como nas delegacións territoriais. Persoal técnico de Augas de Galicia. Outro persoal da Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que realice funcións relacionadas coa calidade ambiental e avaliación ambiental, en servizos centrais e nas delegacións territoriais.	Aproveitamento	Presencial +Telepresenza +Teleformación	Presencial: 19 de setembro e 9 de outubro, das 9.00 ás 14.00 h Telepresenza: 21, 26 e 28 de setembro e 4 de outubro, das 10.00 ás 12.00 h Teleformación: 2 horas (unha tarefa)		9.10.2023 13.30 h
FC23192	Actividades de xestión de residuos sometidas a comunicación previa: aspectos teóricos e prácticos	30	25	1. Persoal dos servizos de Calidade Ambiental das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. 2. Persoal do Servizo de Residuos. 3. Persoal de empresas públicas que traballen en materia de residuos. 4. Persoal do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación. 5. Persoal do Servizo de Intervención Ambiental.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	3, 10, 17, 24 e 31 de outubro, das 9.00 ás 14.00 h		31.10.2023 13.30 h





Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes									
FC23181	Metodoloxía de elaboración de informes no traballo social forense	20	12	Traballadores/as sociais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).	Aproveitamento	Telepresenza	26 de outubro, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 18.00 h 27 de outubro, das 9.00 ás 14.00 h		27.10.2023 13.30 h
FC23182	Actualización en violencia de xénero	35	12	Médicos forenses, psicólogos e traballadores sociais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).	Aproveitamento	Telepresenza	16 de novembro, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 18.00 h 17 de novembro, das 9.00 ás 14.00 h		17.11.2023 13.30 h
FC23183	Memoria de testemuñas. Desenvolvemento recente en investigación	20	12	Psicólogos/as do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).	Aproveitamento	Telepresenza	23 de novembro, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 18.00 h 24 de novembro, das 9.00 ás 14.00 h		24.11.2023 13.30 h
FC23184	Técnicas especiais en autopsia	20	12	Auxiliares de autopsia e médicos forenses.	Aproveitamento	Telepresenza	6 de novembro, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 18.00 h 7 de novembro, das 9.00 ás 14.00 h		7.11.2023 13.30 h
FC23185	Programas de exercicio físico saudable en centros de maiores	25	15	Prioridade 1- Directores/as de centros de maiores dependentes da Xunta de Galicia. Prioridade 2- Fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais dos centros de maiores dependentes da Xunta de Galicia, así como outros traballadores que deseñen e programen actividade física para a saúde nestes centros.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	14, 15, 16 de novembro, das 9.00 ás 14.00 h		16.11.2023 13.30 h
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: Prevención de riscos laborais									
FC23186	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación	25	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	A Coruña	21 e 22 de setembro, das 8.30 ás 14.30 h		22.9.2023
FC23186	Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación	25	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Ourense	5 e 6 de outubro, das 8.30 ás 14.30 h		6.10.2023



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FC23186	Prevenición de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación	25	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	9 e 10 de novembro, das 8.30 ás 14.30 h		10.11.2023
FC23186	Prevenición de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación	25	12	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Pontevedra	19 e 20 de outubro, das 8.30 ás 14.30 h		20.10.2023
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: Emprego									
FC23193	O radon no ámbito laboral	25	8	Persoal técnico do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) e técnicos dos servizos de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia, da Administración autonómica de Galicia e outro persoal interesado ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Telepresenza	18 e 19 de outubro, das 9.30 ás 13.30 h		19.10.2023 13.00 h
Consellería de Sanidade									
FC23206	Formación básica en inspección de matadoiros para persoal substituto	25	10	Veterinarios das listas de vinculación temporal do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, que non consten como penalizados nin en suspensión de chamamentos.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	8 de setembro, das 9.00 ás 14.30 h e das 15.30 ás 20.00 h		8.9.2023 19.30 h
FC23207	Resolución de conflitos na inspección de saúde pública	30	12	Persoal implicado na inspección de saúde pública (Persoal de inspección farmacéutico e veterinario de Saúde Pública e persoal de xestión de servizos centrais da Dirección Xeral de Saúde Pública).	Aproveitamento	Santiago de Compostela	26 de setembro, das 9.30 ás 14.30 h e das 15.30 ás 18.30 h 27 de setembro, das 9.30 ás 13.30 h		27.9.2023 13.00 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
Consellería do Mar									
FC23201	Identificación de especies: poliquetos: bioloxía e xestión	13	20	Persoal técnico priorizándoo do seguinte xeito: 1. Persoal técnico que ocupe prazas e realice as funcións de biólogo de zona ou técnico en zonas e instalación de produción. 2. Persoal técnico do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) que teña relación directa coa investigación e seguimento de recursos mariños. 3. Resto do persoal técnico da Consellería do Mar cuxo traballo teña relación directa cos recursos mariños obxecto do curso. 4. Resto do persoal técnico das consellerías.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	Sesións teóricas: 11 e 12 de setembro, na EGAP, das 9.00 ás 14.00 h Sesións prácticas: 14 e 15 de setembro, no Laboratorio da UDC, das 9.00 ás 14.00 h Saída a intermareal: 18 de setembro, en Miño (A Coruña)		18.9.2023 13.00 h
FC23202	Comercialización no ámbito da inspección pesqueira	30	15	Persoal do Servizo de Inspección e Control dos Recursos da Subdirección Xeral de Gardacostas e outros corpos de Inspección e persoal técnico da Consellería do Mar, tendo preferencia os recentemente incorporados.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	14, 15 e 16 de novembro, das 9.00 ás 14.00 h		16.11.2023 13.30 h
FC23203	Perfeccionamento en sistemas de información xeográfica aplicados ao espazo marítimo	25	24	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, con coñecementos básicos de emprego de ferramentas de información xeográfica.	Aproveitamento	Telepresenza +Teleformación	Teleformación: do 17 ao 26 de outubro Telepresenza: 17, 18, 19, 20, 25 e 26 de outubro, das 16.00 ás 19.00 h		26.10.2023 18.30 h
FC23204	Redacción de documentos e principios xurídicos nas actuacións do persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia	25	20	Persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia. Persoal veterinario da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	16, 17, 18, 19, 20 e 23 de outubro, das 17.00 ás 20.00 h 24 de outubro, das 17.00 ás 19.00 h		24.10.2023 18.30 h
FC23205	Relacións entre os ecosistemas litorais e plans de xestión	25	30	1. Persoal técnico da Consellería do Mar que realiza as funcións dos coñecidos como biólogos de zona. 2. Persoal técnico con funcións de xestión da Consellería do Mar que ten que ver coa aprobación dos plans de xestión marisqueira. 3. Persoal técnico investigador da Consellería do Mar no eido dos recursos mariños. 4. Resto do persoal técnico da Consellería do Mar.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	Sesións teóricas: 21, 22, 25 e 26 de setembro, na EGAP, 21 e 25 de setembro, das 10.00 ás 14.00 h, 22 e 26 de setembro, das 10.00 ás 13.00 h Sesións prácticas: 29 de setembro e 2 de outubro, Mañás: saídas a campo (Cabo Estai e Punta Bombardeira) Tardes: laboratorio		2.10.2023 13.00 h





Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
Consellería do Medio Rural									
FC23169	Lei de recuperación da terra agraria de Galicia	50	25	En primeiro lugar, técnicos/as dos servizos da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e dos servizos provinciais de Infraestruturas Agrarias e persoal da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. En caso de que non haxa solicitudes suficientes, o resto de persoal técnico das direccións xerais da Consellería do Medio Rural e da Axencia Galega de Calidade Alimentaria. En caso de que non haxa solicitudes, o resto de persoal da Xunta de Galicia.	Aproveitamento	Teleformación	18.9.2023	18.10.2023	23.10.2023 19.30 h
FC23170	A produción ecolóxica: normativa reguladora, procesos produtivos, industrias e comercialización	30	20	Persoal da Área de Calidade Alimentaria e persoal da Subdirección xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	17 de outubro, das 10.00 ás 15.00 h, 18 de outubro, das 10.00 ás 15.00 h e das 16.00 ás 21.00 h (visita á Casa Grande de Xanceda) 24 de outubro, das 10.00 ás 15.00 h		24.10.2023 14.30 h
FC23171	O Fogga e a xestión dos fondos da PAC	50	40	Con prioridade para o persoal do Fogga e para os xestores de fondos europeos agrícolas Feaga ou Feader. En caso de prazas vacantes, o resto de persoal da Xunta de Galicia.	Aproveitamento	Teleformación	20.10.2023	27.11.2023	30.11.2023 17.00 h
FC23172	Prevenición, detección e loita contra a fraude e conflito de intereses na xestión dos fondos europeos agrícolas	50	15	Con prioridade para o persoal do Fogga e para os xestores de fondos europeos agrícolas Feaga ou Feader. En caso de vacantes, o resto de persoal da Xunta de Galicia.	Aproveitamento	Teleformación	16.10.2023	27.10.2023	31.10.2023 19.00 h
FC23173	A actuación inspectora: actuacións e procedementos. Novidades legislativas que afectan o réxime sancionador relacionado coa calidade alimentaria	30	20	Persoal da Subdirección Xeral da Cadea e Industrias Agroalimentarias e dos servizos de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural e instrutores dos expedientes sancionadores de calidade alimentaria dos servizos xurídicos da Consellería do Medio Rural.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	15 e 22 de novembro, das 10.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 18.00 h, 16 e 23 de novembro, das 10.00 ás 14.00 h		23.11.2023 13.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/ modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FC23174	O control da calidade dos produtos fertilizantes. O Regulamento (UE) 2019/1009, sobre comercialización dos produtos fertilizantes UE e actualización do Real decreto 509/2013	30	12	Persoal da Subdirección xeral da Cadea e Industrias Agroalimentarias e dos servizos de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	19 de outubro, das 10.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 18.00 h	26 de outubro, das 10.00 ás 18.00 h	26.10.2023 17.30 h
FC23175	Controis oficiais en materia de zootecnia	30	8	Persoal veterinario da Consellería do Medio Rural responsable dos controis oficiais competencia da Subdirección Xeral de Gandaría en materia de zootecnia.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	17 e 18 de outubro, das 9.30 ás 13.30 h		25.10.2023 13.00 h
FC23176	Revisión dos procedementos administrativos en oficinas rurais da Consellería do Medio Rural	50	30	O curso está dirixido ao persoal administrativo da Consellería do Medio Rural con prioridade para o persoal administrativo das oficinas rurais.	Aproveitamento	Teleformación	2.10.2023	7.11.2023	13.11.2023 18.00 h
FC23177	Controis oficiais nos programas de seguridade alimentaria dos produtos de orixe animal	30	20	Persoal veterinario da Consellería do Medio Rural responsable dos controis oficiais competencia da Subdirección Xeral de Gandaría en materia de seguridade alimentaria nas producións gandeiras.	Aproveitamento	Santiago de Compostela	19 e 26 de setembro e 3 e 17 de outubro, das 9.00 ás 14.00 h		17.10.2023 13.30 h
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas									
FC23208	A Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	10.10.2023	30.10.2023	3.11.2023 16.30 h
FC23209	Aspectos conceptuais e metodolóxicos básicos para a introdución da perspectiva demográfica na actuación da Administración autonómica	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	25.10.2023	25.11.2023	30.11.2023 16.30 h
FC23210	A responsabilidade patrimonial da Administración pública	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	18.9.2023	18.10.2023	23.10.2023 16.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/ modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
FC23211	Dereitos e obrigas da cidadanía na súa relación coas administracións públicas	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	28.9.2023	18.10.2023	23.10.2023 17.00 h
FC23212	Integridade institucional e plans antifraude	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	2.11.2023	20.11.2023	24.11.2023 18.00 h
FC23213	A selección do persoal empregado público e provisión de postos de traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	26.9.2023	14.10.2023	18.10.2023 17.30 h
FC23214	A estrutura do emprego público e ordenación dos recursos humanos na administración da Comunidade Autónoma de Galicia: a elaboración da relación de postos de traballo (RPT)	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	3.10.2023	22.10.2023	26.10.2023 17.30 h
FC23215	Nóminas e retribucións do persoal	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	17.10.2023	11.11.2023	15.11.2023 18.30 h
FC23216	Legalidade das actas de inspección. A función inspectora	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	2.10.2023	26.10.2023	31.10.2023 17.30 h
FC23217	Estrutura e composición de documentos de contido xurídico integrantes de expedientes administrativos	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	3.10.2023	22.10.2023	26.10.2023 18.30 h
FC23218	Execución de resolucións xudiciais e as súas repercusións económicas	50	20	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	6.11.2023	23.11.2023	28.11.2023 17.00 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Persoal destinatario	Cualificación	Localidade/modalidade	Data de inicio	Data de fin	Data e hora do exame final
Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios									
FC23219	Básico de dereito social europeo	50	30	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	Aproveitamento	Teleformación	30.10.2023	27.11.2023	1.12.2023 18.00 h
FC23220	Acción exterior das administracións públicas galegas: Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia	50	30	Funcionarios e persoal laboral da Administración autonómica, local, das universidades galegas e doutras entidades públicas que deban intervir na acción exterior consonte coa Lei 10/2021.	Aproveitamento	Teleformación	18.9.2023	18.10.2023	24.10.2023 17.00 h
FC23221	A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas	30	14	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e Uvigo).	Aproveitamento	Telepresenza + Presencial	Telepresenza: 10, 17 e 19 de outubro, das 17.00 ás 19.30 h, 26 de outubro, das 17.00 ás 20.00 h Presencial: 24 de outubro, das 16.30 ás 20.00 h		26.10.2023 19.30 h
FC23222	Competencia e dereito da Unión Europea: a defensa da competencia nos procesos de contratación pública	50	25	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e Uvigo).	Aproveitamento	Teleformación	25.9.2023	18.10.2023	23.10.2023 17.30 h